



## RECOLLIDA DE ACEITE DE VEHÍCULOS

O Concello de Brión pon a disposición dos veciños e veciñas un novo servizo de **RECOLLIDA DE ACEITE DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA**, como unha mellora e ampliación do actual sistema de recollida dos residuos.

As persoas interesadas en colaborar na recollida selectiva deste aceite deberán separalo no seu domicilio e baleiralo nos depósitos colocados no almacén do concello en Paseo de Pedrouzos nº 1 (en fronte do centro de saúde), chamando previamente ao tfno. 981.887.006.

Por outra banda, os **aceites vexetais** (de uso doméstico) séguense recollendo na base de Protección Civil (Paseo de Pedrouzos nº 7).

Brión, 31 de marzo de 2009

O Alcalde,

José Luis García García